

## QUE ME QUERES AMOR (I SESIÓN)

Aproveitamos a lectura de tres relatos do libro de Manuel Rivas, *Que me queres, amor?* (“A lingua das bolboretas”, “Un saxo na néboa” e “Carmiña”), para desenvolver unha actividade en varias etapas.

Comezamos a reunión co visionado do filme de José Luis Cuerda *A lingua das bolboretas*, que toma como punto de partida os tres relatos referidos anteriormente.





No momento de comentar o filme, fixemos especial fincapé na escolla dos materiais narrativos e na adaptación cinematográfica que o director fixo dos mesmos. Pero tamén comentamos outras cuestións como a boa selección dos actores ou a importancia da música no desenvolvemento da trama argumental.